



Sr. Don Abel Caballero Álvarez  
Alcalde  
Concello de Vigo  
Praza do Rei, s/n  
36202 Vigo (Pontevedra)

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2022

Estimado Alcalde:

A Xunta de Galicia, a través do Xacobeo, ven traballando durante todos estes meses nunha planificación de concertos e actividades que proxecten, a través do acontecemento turístico máis recoñecido alén das nosas fronteiras, unha imaxe potente e global de Galicia, no momento en que resulta máis necesario.

Sempre foi a nosa intención que este efecto se plasmase dun xeito homoxéneo e eficaz por todo o noso territorio, o que inclúe nun lugar moi destacado á cidade de Vigo.

Sen embargo, e contrariamente ao que nos ten sucedido cos restantes 312 concellos galegos -que sempre mostraron unha absoluta disposición a colaborar para que a programación do Xacobeo puidese ter a máis ampla difusión e eficacia- vostede ten manifestado, en reiteradas ocasións, a súa oposición a que dende o Xacobeo se puideran programar actividades en Vigo, sinalando que se se querían facer cousas, o que había que facer era encargallas directamente ao Concello, chegando mesmo a cualificar o Xacobeo como "unha festa de Santiago".

Esta actitude, trasladada de xeito público e reiterado, posiblemente teña motivado que Vigo fora desbotado por algúns promotores como posible ubicación dos seus concertos, optando por outras cidades que dende o principio deron plenas facilidades para albergalos.

Concretamente, teño que recordarlle que incluso antes de coñecer a proposta de Muse, vostede mesmo sinalou, sen necesidade de que mediara ningunha solicitude, que as obras de Balaídos imposibilitaban calquera concerto, deixando claro tamén que a celebración non podería ter lugar.



Se agora, como parece, decidiu rectificar, ten abertas as portas da Delegación Territorial de Vigo para manter unha reunión coa Delegada, dona Marta Fernández-Tapias, representante da Xunta de Galicia na cidade, e con plena capacidade de decisión sobre este asunto.

Sería necesario, iso si, que esta reunión na Delegación da Xunta tivera lugar a maior brevidade posible -en todo caso nesta mesma semana- e que na mesma quedara garantido, contrariamente ó que viña sucedendo ata o de agora, a súa disposición a colaborar co Xacobeo nos eventos que pretendamos celebrar na primeira cidade de Galicia.

Entendendo, e agradecendo este cambio de postura, que interpreto como unha nova etapa de colaboración entre as dúas Administracións, aproveito a ocasión para saudarlle

